



# UN RAPAZ DE ALDEA



(Memorias de dous nenos labregos)

# UN RAPAZ DE ALDEA (Memoria de dous nenos labregos)

PÚBLICO	Público familiar (Infantil a partires de 4 anos)
DURACIÓN	60 min
CATEGORÍAS	Tradición / Literatura / Int-Ext /
SINOPSE	<p>Caxoto é un rapaz de aldea. Coma quen dis, un ninguén... E é verdade. Ao igual que Balbino, Caxoto naceu na aldea, coidou das vacas, tivo liortas con outros nenos... e cando as cousas lle bulían na cabeza tamén as apuntaba nun caderno.</p> <p>Era a década dos anos 90 cando no televisor dunha aldea galega só había 3 canais de televisión, cando unhas olimpíadas en Barcelona e unha feira enorme en Sevilla eran os eventos do século,.... cando nas cintas de casete soaba indistintamente os éxitos de Ana Quiro e un tal Kurk Cobain.</p> <p>Naquel alonxado 1993 un gran escritor veu de visita ao colexio... chamábase Xosé Neira Vilas e para preparar a visita todo o alumnado lera o seu "Memorias dun neno labrego"... dende aquela cada dous ou tres anos Caxoto volvería ler ese libro.</p> <p>Neste espectáculo, a través dos paralelismos dunha infancia na aldea pero en tempos moi distintos, Caxoto fai un percorrido polas "Memorias dun neno labrego" nun dobre salto mortal de viaxes no tempo través da palabra contada no que seremos a un tempo crianzas na postguerra e crianzas a piques de cambiar de milenio.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz: Blanco Xeral Escénico</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



# IMAXINARIO



A primeira conciencia das nosas raíces para moitas xeracións. Un auténtico bestseller da literatura galega froito unicamente do boca a boca.

Caxoto sempre foi un narrador comprometido coa “verdade escénica”, pero desta volta vai máis alá e debulla as súas propias memorias de neno labrego



Unha viaxe á infancia das nais e pais das crianzas deste tempo



**A TRASTENDA  
DOS CONTOS**

@caxoto\_  
653 61 61 26  
caxoto@atrastendadoscontos.com  
www.atrastendadoscontos.com

# SOBRE CAXOTO

---

## CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- XV Festival Intercultural Narración Oral de Sevilla (FINOS)
- XI Festival de cuentos eróticos (Zamora)
- Viércoles de los cuentos (Guadalajara)
- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de cuentos de una noche de verano (Chapinería)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbeyes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

